

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, XOVES, 2 DE XULLO DE 2026**PRESIDENCIA****VILANOVA DE AROUSA (Pontevedra)**

10,00 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado da conselleira do Mar, Marta Villavarde, asistirá a entrega da nova patrulleira de Gardacostas *Punta Faxilda*.

O PORRIÑO (Pontevedra)

12,30 h.- O titular do Goberno autonómico, Alfonso Rueda, acompañado do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, participará na inauguración do novo Centro de Fabricación Intelixente e Sostible do Centro tecnolóxico de AIMEN.

RIBEIRA (A Coruña)

19,45 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, participará nos actos de celebración do 25 aniversario do Museo do Gravado .

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**MELIDE (A Coruña)**

10,30 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará unha actuación preventiva de limpeza de montes contra os incendios forestais.

A LARACHA (A Coruña)

13,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará na inauguración do obradoiro de emprego *A Laracha X*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

VALDOVIÑO (A Coruña)

- 11,30 h.-** A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, visitará un posto de artesanía con motivo das axudas para a promoción da artesanía galega.
- 12,00 h.-** A delegada territorial de Ferrol, Martina Aneiros, participará na inauguración do *Campionato de España de Surfing 2026*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

COSPEITO (Lugo)

- 10,00 h.-** O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, manterá un encontro institucional co alcalde, Armando Castosa.

POL (Lugo)

- 17,30 h.-** O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, visitará aos participantes no Campus Kingtela de baloncesto.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

OURENSE

- 11,00 h.-** O delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, recibirá á delegación de bombeiros de Bulgaria que se están a formar no Centro Integral de Loita contra o Lume de Toén (CILL).
- 12,30 h.-** O delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, informará sobre a orde de axudas para a rehabilitación de vivendas destinadas a persoas traballadoras.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

PONTEVEDRA

- 12,00 h.-** O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, asistirá á presentación da orde de axudas para a rehabilitación de vivendas destinadas a persoas traballadoras.
- 13,00 h.-** O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, recibirá ao portavoz da Protección Civil de Pontevedra, Javier Lois.
- 18,00 h.-** O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, recibirá aos representantes da Asociación de Venezolanos de Pontevedra Manuel Osorio e César Augusto.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

VIGO

- 10,30 h.-** A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, visitará a montaxe do concerto de Leiva.
- 19,30 h.-** A delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, asistirá a *III Gala Benéfica* da Fundación Denis Suárez.

CASA DE GALICIA

MADRID

- 19,30h.-** O director da Casa de Galicia en Madrid, Luis E. Ramos, presidirá a presentación do libro *Hijo de la roca y el fuego*, de Jacinto Ruiz.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

BOQUEIXÓN (A Coruña)

- 12,00 h.-** O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, participará na inauguración da feira do sector forestal *Galiforest*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PONTEVEDRA

12,30 h.- O secretario xeral para o Deporte, Roberto García, participará na presentación do espazo documental *Camiño ao podio*.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

CAMBRE (A Coruña)

10,30 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, presentará as actuacións de mantemento de infraestruturas na contorna do río Mero ao seu paso polo concello.

ARTEIXO (A Coruña)

12,30 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, participará no *Foro sobre a xestión do litoral*, organizado por *La Voz de Galicia*.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

CIDADE DA CULTURA

10,30 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, **Román Rodríguez**, acompañado pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, inaugurará a xornada de traballo co equipo asesor do proxecto EdugallIA de intelixencia artificial no ensino.

SANXENXO (Pontevedra)

10,00 h.- A directora xeral de FP, Eugenia Pérez, visitará as instalacións do novo Centro Socioeducativo As Lagoas, nas que se impartirá a o ciclo de FP Básica en Cociña.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MAZARICOS (A Coruña)

12,00 h.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, visitará a nova casa do maior Suevos 2.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

12,30 h.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, visitará á promotora do comercio RC Moda e Complementos, beneficiaria do programa Emega.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

ARBO (Pontevedra)

12,00 h.- A conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, acompañada do director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila, asistirá á posta en servizo da interconexión eléctrica entre España e Portugal. No acto tamén participarán a vicepresidenta terceira e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Sara Aagesen, e a ministra de Medio Ambiente e Enerxía de Portugal, Maria da Graça Carvalho.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

20,00 h.- A conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, acompañada da delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, e do secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, Nicolás Vázquez, asistirá ao acto de entrega do *XIII Premio CFS á excelencia empresarial de 2025*, que concede o Club Financiero de Santiago.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

17,40 h.- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, e o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, visitarán o Centro de Protonterapia de Galicia, acompañados polo director da Representación da Comisión Europea en España, Daniel Calleja y Crespo.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

TOÉN (Ourense)

12,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto á directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, visitará unha actuación executada ao abeiro do Plan Hurbe.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

LEIRO (Ourense)

13,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto co delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo Cid, comprobará o resultado da instalación de novos semáforos na OU-209.

OURENSE

21,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, acompañada do delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, asistirá á cea-cóctel de confraternización da Asociación de Construtores de Ourense (ACO).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

11,30 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, visitará a Unidade Técnica de Apoio á Atención Primaria. Estará acompañado pola directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria, Sofía López, polo xerente do Servizo Galego de Saúde, Luis León, e polo director xeral de Atención Primaria e Comunitaria, Salvador Mariño-Ageitos.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado polo director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará no *Encontro da Edición 2026*.

12,00 h.- O director xeral de Patrimonio Cultural, Ángel Miramontes, participará na presentación dos resultados das datacións feitas con carbono 14 a diferentes restos arqueolóxicos.

REDONDELA (Pontevedra)

19,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará na entrega da *XXX edición dos Premios Lois Peña Novo*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

OURENSE

13,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, participará no foro *A era da electricidade: competitividade, seguridade e crecemento económico*, organizado por *La Región*.

LUGO

17,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, manterá un encontro co tecido empresarial e entidades interesadas na orde de axudas para a rehabilitación de vivendas destinadas a persoas traballadoras.

19,30 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, participará no acto da *X edición do Premio Peme do Ano Lugo 2026*, organizado pola Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Lugo.

A CORUÑA

10,45 h.- A secretaria xeral de Emprego e Relacións Laborais, Susana Pérez Iglesias, participará no peche da xornada de prevención do acoso laboral organizada por Nordés Club Empresarial.

Previamente, ás **09,50 h**, o director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, Roberto Barba, participará nunha mesa redonda desta xornada.

PONTEVEDRA

09,00 h.- A directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, asistirá ao almorzo do *Foro Empresa Pontevedra sobre alianzas estratéxicas e redes de cooperación asociativas*.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

FORCAREI (Pontevedra)

10,00 h.- A directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Luisa Piñeiro, manterá unha reunión coa alcaldesa, Belén Cachafeiro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

BOQUEIXÓN (A Coruña)

10,45 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, asistirá á segunda xornada das precatas das *Catas de Galicia 2026*.

LALÍN (Pontevedra)

17,00 h.- A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, comprobará as obras de mellora de camiños realizadas nas parroquias de Santiso, Méixome e Vilatuxe.

VIGO

19,00 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, acompañado pola directora xerente de Galicia Calidade, Ana Méndez, participará na entrega dos *15º premios DO Ribeiro*.

CONSELLERÍA DO MAR**O GROVE (Pontevedra)**

16,30 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde** asinará o convenio coa Confraría de O Grove para recuperar os seus bancos marisqueiros.

REDONDELA (Pontevedra)

18,30 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde** asinará o convenio coa Confraría de Redondela para recuperar os seus bancos marisqueiros.

PARLAMENTO

10,30 h.- A directora do Centro Tecnolóxico do Mar, Rosa Chapela, comparecerá na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, para dar conta dos 25 anos do Cetmar.

12,00 h.- A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, responderá na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, unha pregunta sobre o balance no control da alga asiática nas rías galegas.

Posteriormente, ás **12.30 h** e ás **13.00 h**, responderá a outras dúas preguntas sobre a valoración do modelo de xestión do sector marisqueiro e a previsión de reorientar os fondos destinados ao plan de marisqueo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

13,30h.- O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Isaac Rosón, responderá na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, unha pregunta sobre a situación da pesca marítima de recreo en Galicia.

VIGO

16,30 h.- O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Isaac Rosón, inaugurará a xornada de presentación do *proxecto PESCRAP*.